



CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE XULLO DE 2026,

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 10 de agosto, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes XULLO, por un importe total de 6.279,35€ e, na sesión celebrado o día 31 de agosto, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de XULLO, por unha base imponible de (273,36€), máis o IVE (57,41€), o que fai un total de 330,77 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14.2.c da TRLRHL, poderán interporer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período da exposición pública dos correspondentes padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a existencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 1 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2367

LUGO

Anuncio

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados que a partir do vindeiro día 20 de agosto e ata o 20 de outubro do ano 2026, ambos inclusive, pónse ó cobro en período voluntario o padrón de recibos correspondente ó ano 2026 dos tributos que de seguido se relacionan

- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
- Taxa por Aproveitamentos Especiais da Vía Pública (Entrada de Vehículos-Vaos)

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 06 de outubro de 2026.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de Novembro de 2026, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo elo sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 27 de agosto de 2026.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, M.^a del Mar Carballas Piñeiro.

R. 2368

Anuncio

DECRETO

A Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 17 prazas de Bombeiro/a Condutor/a, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2023, OEP 2024 e OEP 2025), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 29 de Maio de 2026, adoptou, entre outros, o acordo 2/213 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DEZASETE PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (4 INCLUÍDAS NA OEP 2023, 2 INCLUÍDAS NA OEP 2024 E 11 INCLUÍDAS NA OEP 2025).

- Polo DECRETO Nº 4825/2026 do 03/06/2026 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade 17 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (4 INCLUÍDAS NA OPE 2023, 2 INCLUÍDAS NA OPE 2024, E 11 INCLUÍDAS NA OPE 2025)

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 138, de 18 de xuño de 2026.Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número número 122, de 2 de julio de 2026.O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 168, do 11 de xullo de 2026.

Con data do 7 de agosto de 2026 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Informe proposta do xefe do Servizo de Persoal de data 26 de agosto de 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

(...)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións que confire o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e visto o disposto no decreto núm. 4003/2026, de 12 de maio de 2026, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 17 prazas de Bombeiro/a Conductor/a, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2023, OEP 2024 e OEP 2025), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI
AGUION FERNANDEZ,RUBEN	***4478**
ALONSO GONZALEZ, ISMAEL	***3057**
ALTINSOY PEREZ, KAIS	***9707**
ALVAREZ CORBELLE,ROQUE	***5792**
ALVAREZ DOPAZO, ANTON	***9884**
ALVAREZ FERNANDEZ, ABEL	***0219**
ALVAREZ GONZALEZ, DANIEL	***1984**
ARIAS OSORIO, JOSE DAVID	***9168**
BALLESTEROS VEGA, SUSANA MARIA	***6022**
BARCIA OTERO, PABLO	***0822**
BENAMOR FERNANDEZ, ELÍAS	***3806**
BLANCO GUEDE, ALVARO	***5994**
BLANCO INSUA, CHISTIAN	***1412**
BLANCO LOPEZ, FERNAN	***0383**
BLANCO RODRIGUEZ, ANTON	***9878**
BOENTE GOMEZ, BRAIS	***9164**
BORRAZAS RUMBO, MANUEL	***6914**
BUENO GARCIA, DANIEL	***3774**
BUSTO ARMADA, JOSE	***4602**

CAAMAÑO FEIJOO, CARLOS	***9870**
CABALERO MARTINEZ, PABLO	***8880**
CASCUDO ABUIN, DIEGO	***5861**
CASTANEDO GANTES, JUAN	***0826**
CASTRO DIAZ, VICTOR	***7025**
CASTRO SOUTO,ROQUE	***0691**
CERNADAS ESTEVEZ, VICTOR	***2973**
COELLO FERNANDEZ, ALVARO	***4356**
CONDE MARTINEZ, BORJA	***8228**
COSTA MUÑOZ, XESUS	***6171**
DE OLIVEIRA ALBA, JOAN MANUEL	***3057**
DEL CAMPO ARISTEGUI, ALFONSO	***5427**
DEL POZO GONZALEZ, DANIEL	***3657**
DIESTE OTERO, FRANCISCO	***9568**
ESPIÑEIRA MOSQUERA, RAUL	***5990**
FERNANDEZ CRESPO, RAFAEL	***7337**
FERNANDEZ FERNANDEZ, CESAR	***3903**
FERNANDEZ FERREIRO, ADRIAN	***4015**
FERNANDEZ LOPEZ, PEDRO	***0979**
FERNANDEZ LOPEZ, TOMAS	***5697**
FERNANDEZ MARTINEZ, ANGEL	***2855**
FERNANDEZ MARTINEZ, RUBEN	***9187**
FERNANDEZ SOUTO, AGUSTIN	***9283**
FERNANDEZ VAZQUEZ, OSCAR ALBERTO	***5634**
FERNANDEZ VIDAL, SERGIO	***9501**
FERREIRO NEIRA, JOSE ANTONIO	***5091**
GALBAN CES, ALEJANDRO	***8883**
GARCIA LIJO, ALBERTO	***2620**
GARCIA MATO, DIEGO	***2968**
GARCIA NEIRA, XOEL	***9250**
GARCIA NOVOA, DIEGO	***5456**
GONZALEZ GANDON, ALBERTO	***5861**
GONZALEZ GESTOSO, PABLO	***7268**
GONZALEZ GOMEZ, IAGO	***4573**

GONZALEZ MARTINEZ, ISMAEL	***1806**
GONZALEZ VALLE, MIGUEL	***3458**
GRANDAL SIXTO, ARON	***1629**
GRAÑA MARTINEZ, DAVID	***9432**
GUILLAN PRADO, ALEJANDRO	***9967**
GUIMAREY VIDAL, TOMAS	***0663**
GUTIERREZ CURBEIRA, ALEJANDRO	***1272**
HAMADE LONGARELA, RUBEN	***4773**
HERNANDEZ SANCHEZ, RAUL	***1526**
IGLESIAS LOSADA, CARLOS	***3737**
IGLESIAS RIVAS, ESTEBAN	***8517**
LAGE DIAZ, ALBERTE	***4894**
LAMPON PREGO, MANUEL	***8054**
LAVANDEIRA GARCIA, JORGE	***2832**
LISTE RECAREY, JOSE DANIEL	***3823**
LOMBAO GONZALEZ, RUBEN	***8446**
LOPEZ DIAZ BECERRA, ANTON	***0260**
LOPEZ VOCES, JULIO	***1444**
LUACES CASTRO, DANIEL	***1541**
MARIÑAS DELGADO, ANDRES	***2201**
MARTINEZ CAJIDE, PABLO	***5854**
MARTINEZ LAGO, CARLOS	***1069**
MARTINEZ RIVERA, JUAN PEDRO	***9760**
MARTINEZ RODRIGUEZ, PABLO JOSE	***9486**
MASIP ABIAN, XAVIER	***0918**
MATO ROZAS, ADRIAN	***4788**
MIGUEZ PEREZ, ADRIAN MANUEL	***9502**
MORALES CANEIRO, BRAN	***3647**
MOROÑO LOMBA, YAGO	***0987**
NEIRA FRAGA, IRIA MARIA	***4844**
NUÑEZ MOSQUERA, MANUEL	***2908**
PALLAS FIGUEROA, JOSE CARLOS	***3874**
PAMPIN IGLESIAS, DAVID	***2854**
PAREDES GALLEGO, ANXO	***6017**

PAZ MARTINEZ, MIGUEL	***2220**
PAZ MELERO, DAVID	***0091**
PAZ VIÑAS, MARTIN	***1601**
PEREZ COTA, DANIEL	***7570**
PEREZ GONZALEZ, ALVARO	***2592**
PEREZ MARTINEZ, HUGO	***9536**
PLATAS VIGO, DAVID	***3836**
POL PANDELO, ALVARO	***9375**
PORTELA DE LA FUENTE, YAGO ADRIAN	***8113**
REGA JUNCAL, ANTONIO MANUEL	***3137**
REICES IGREXAS, MANUEL	***9047**
REY RAMOS, BORJA	***9742**
RIOS GARCIA, JUAN CARLOS	***7748**
RODRIGUEZ AGUIN, MARIA ANTIA	***6821**
RODRIGUEZ LOURIDO, PABLO	***8510**
RODRIGUEZ MENDEZ, MARTIN	***4383**
RODRIGUEZ RIBAO, YAGO	***5931**
ROSENDE SAEZ, MARCOS	***9151**
ROZAS FERREIRO, DIEGO	***4475**
RUIBAL ROSENDE, MARTIN	***3026**
SALGADO DIEZ, DAVID	***1663**
SALORIO GARCIA, EMILIO FRANCISCO	***3543**
SALVADO BERMUDEZ, CARLOS PERFECTO	***1740**
SALVADO GONTAD, OSCAR	***4610**
SANCHEZ SANCHEZ, ANTON	***0303**
SANCHEZ SEÑERIZ, PEDRO	***1707**
SANCHEZ TOUZON, MANUEL	***7603**
SANDOVAL LOPEZ, GUSTAVO	***0383**
SANTEIRO VILAR, ADRIAN	***4412**
SARMIENTO DA CONCEIÇÃO, LUCAS	***9901**
SEIJAS PORTA, SUNNY	***5753**
SOMOLINOS OLMO, JUAN	***3982**
SUAREZ TOME, MARCO	***7031**
SUAREZ VILLAR, ELOY	***7470**

TORRES BLANCO, ANDY	***6711**
TUBIO BARREIRO, GUSTAVO	***8526**
VARELA RODRIGUEZ, MATUA ANTONIO	***2908**
VAZQUEZ GONZALEZ, ANDREA	***7388**
VILABOA GARCIA, DANIEL	***8228**
VILLAVERDE JUNCAL, ABEL	***1518**
VIÑAS CORES, ROI	***2077**

EXCLUÍDOS/AS

Apellidos e Nome	DNI	Motivo de exclusión
ALFARO BARBARA, ISIDRO	***8043**	(6)
ALONSO ALONSO, AMADO	***6708**	(5)
ALONSO CORTABITARTE, LAURA	***2726**	(1) (6)
ALVAREZ REPARAZ, ALEJANDRO	***2212**	(2)
BANDIN EIRAS, ALVARO	***8283**	(1) (2) (3) (4) (5) (6)
BELLO BUGALLO, IRIA	***0409**	(6)
BLANCO GARCIA, FERNANDO	***2546**	(4)
CALVIÑO GOMEZ, IVAN	***7111**	(6)
CAMPO MARTINEZ, JOEL	***2682**	(6)
CANABAL GARCIA, RAFAEL	***7907**	(5)
CANOSA LOPEZ, RUBEN	***2965**	(6)
CARBAJO GARCIA, PABLO	***7241**	(6)
CASAL IGLESIAS, CESAR	***0241**	(6)
CASTRO PATIÑO, MARTA	***2038**	(6) (7)
COUTO PINTOS, PEPE	***3630**	(6)
CRUZ ARROYO, GUSTAVO	***5731**	(5)
CUADRADO PEREZ, JORGE	***1633**	(6)
DE CASTRO AYALA, ALEJANDRO	***8558**	(2) (3) (5) (6) (7)
DE CASTRO AYALA, DAVID	***8558**	(2) (6) (7)
DEL BARRIO MARQUEZ, ALVARO	***0371**	(6)
DIAZ DOMINGUEZ, JUAN	***7331**	(6)
ESTEBAN FERREIRO, DAVID	***5397**	(6)
FERNANDEZ FERNANDEZ, HECTOR	***3841**	(4)
FERNANDEZ LAFUENTE, SEBASTIAN	***4651**	(6)
FERNANDEZ QUIROGA, JAVIER	***3684**	(2)

FERNANDEZ TALLAFIGO, SANTIAGO	***4014**	(3) (4) (5) (6)
GARCIA PARIS, ALBERTO JOSE	***9887**	(6)
GARCIA PUENTES, FERNANDO	***1404**	(3) (5) (6)
GIL FERNANDEZ, JOEL	***9731**	(6)
GOBERNA NOVOA, GABRIEL	***5827**	(6)
GONZALEZ GOMEZ, ANXO	***6256**	(5)
GONZALEZ GONZALEZ, BORJA	***2076**	(2) (5)
GONZALEZ RUEDA, JAVIER	***5429**	(6)
IGLESIAS NOYA, FRANCISCO	***0371**	(6)
LEYVA IGLESIAS, MANUEL	***1207**	(2) (6)
LOPEZ GARCIA, DIEGO	***4394**	(5)
LOPEZ GOMEZ, MANUEL	***8518**	(4) (6)
LOPEZ RIAL, RAFAEL	***3149**	(2) (6)
LORENZO DIAZ, LUCAS	***8227**	(2) (6)
LORENZO MATA, RAUL	***7388**	(4)
LOURO VALVERDE, JUAN	***5931**	(6)
MARTINEZ SUAREZ, DIEGO	***2111**	(5) (6)
MENDEZ LOYO, PABLO	***5665**	(6)
MIRANDA ANEIROS, ANDRES	***1875**	(6)
MORANDEIRA VAZQUEZ, DAVID	***2535**	(4)
MOSQUERA BLANCO, JUAN MANUEL	***2870**	(6)
NAVA HERREROS, SERGIO	***5607**	(6)
PALLEIRO MORLAN, OSCAR	***1073**	(6)
PASEIRO RODRIGUEZ, MARCOS	***9138**	(6)
PEDREIRA GUERRERO, UNAI	***0539**	(5) (6) (7)
PIÑEIRO BERMUDEZ, JORGE	***3318**	(2)
PIÑON HERMIDA, DAVID	***1414**	(6)
RAMIREZ SENLLE, HUGO	***8186**	(6)
REGUEIRO PARDO, JAVIER	***2598**	(1) (5) (6) (7)
RODRIGUEZ BOYERO, MARC	***9930**	(5) (6)
RODRIGUEZ FUERTES, DANIEL	***3623**	(6)
RODRIGUEZ PIMENTEL, PATRICK	***6626**	(1)
RODRIGUEZ SILVA,SANTIAGO	***4628**	(6)
ROSAL RODRIGUEZ, BRUNO	***5939**	(7)

SANCHEZ DIAZ, DAVID	***7897**	(6)
TORRES ROMAY, JESUS JAVIER	***8605**	(6)
VALLS ALEMANY, MIQUEL	***1836**	(6)
VARELA DOCAMPO, ADRIAN	***5813**	(4)
VEIRAS MOSQUERA, MIGUEL	***6546**	(5)
VEIRAS PULLEIRO, JOSE ANTONIO	***6038**	(6)
VELO SUAREZ, KEVIN	***3746**	(2) (6)
VILA PULIDO, ROI	***7393**	(4)

(1): Non aportar DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

(2): Non aportar xustificante de ter ingresados os dereitos de exame ou aportar xustificante de tasa inferior.

(3): Non aportar título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

(4): Non aportar permiso de conducir da clase C vixente.

(5): Non aportar licenza de navegación ou superior.

(6): Non aportar certificado médico oficial vixente (máximo tres meses anteriores á fecha de fin de solicitudes), que faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición.

(7): Presentar a solicitude fóra de prazo.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 28 de agosto de 2026.- A Excm. Sra. alcaldesa presidenta, María Elena Candia López.

R. 2369

SOBER

Anuncio

Expediente núm.: 666/2026

Procedemento: Proceso de selección

BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICION DE 1 PRAZA DE BIBLIOTECARIO/A PARA O CONCELLO DE SOBER. PERSOAL LABORAL POR SUSTITUCIÓN

PRIMEIRA. NORMAS XERAIS

É obxecto das presentes bases a provisión con carácter temporal por substitución dun posto de bibliotecario/a.

As características do posto son:

Denominación da praza	Bibliotecario/a
Réxime	Persoal laboral por substitución
Unidade/Área	Biblioteca
Categoría profesional	A2
Núm. de vacantes	1
Sistema selectivo	Concurso-oposición

SEGUNDA. MODALIDADE DO CONTRATO

A modalidade do contrato é temporal por substitución en tanto non remate o proceso de selección dun novo traballador para o Concello, regulada no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de Outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

TERCEIRA.- CARACTERÍSTICAS E OBXECTO DA CONTRATACIÓN.

– A xornada laboral será a seguinte:

16:00-20:00 os Luns.

11:00-13:00 e 16:00-20:00 de Martes a Venres.

11:00-13:00 os Sábados.

– Fíxase unha retribución bruta de 1.343,48€/ mes en 14 pagas anuais

– As funcións do posto de traballo serán tarefas de atención ás persoas usuarias do Servizo de Biblioteca municipal, colocación e ordenación de fondos bibliográficos, tarefas de apoio e rexistro de fondos bibliográficos e preparación dos mesmos para a súa posta a disposición do público, introducción de datos correspondentes ao rexistro de exemplares nas bases de datos bibliográficas, realizar a través da Biblioteca as campañas de animación sociocultural e de promoción da lectura que se lle encomenden, responder en todo momento do material e libros que se lle confíen, servizo de préstamo e devolución de libros, expedición de carnés de usuario/a, así como aquelas outras funcións que se lle encomenden no ámbito de desenvolvemento de actividade da Biblioteca municipal.

CUARTA. CONDICIONS DE ADMISION DOS ASPIRANTES

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión ou en condicións de obter o título universitario de grao da rama de humanidades ou ciencias sociais e xurídicas. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

g) No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou equivalente (mediante copia auténtica do título).

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

QUINTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza de bibliotecario/a do Concello de Sober dirixiranse á Alcaldía e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

No caso de non presentarse a instancia no Rexistro Xeral do Concello de Sober ou por sede electrónica, e co fin de axilizar os trámites, o/a interesado/a **deberá anticipar copia da solicitude de participación presentada**, co selo de correos ou do rexistro correspondente, a través do correo electrónico cultura@concellodesober.com, ou

doutro medio que permita a súa constancia fehaciente, **con anterioridade ao remate do prazo de presentación establecido nas Bases**. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial que acompaña ás presentes bases como **Anexo I**, e na que se inclúe a declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base cuarta subscribindo o compromiso de achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais prevista na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, que modifica a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección do Menor, e a Lei 45/2015, de Voluntariado, no caso de resultar seleccionado/a.

Dita solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Solicitude de participación (Anexo I das Bases), debidamente asinada.
- b) Copia compulsada do DNI ou, no seu caso, NIE ou pasaporte con plena vixencia.
- c) Copia compulsada do título académico esixido (Grao en Información e Documentación ou grado da rama de humanidades ou ciencias sociais).
- d) Copia do título CELGA 4 (necesaria para a exención da proba de galego).
- e) Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, incluíndo a VIDA LABORAL actualizada, xuntando copia de contratos e/ou certificado de servizos prestados.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicárase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

SEXTA. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, no seu caso. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>) concederase un prazo de 3 días laborais para a emenda.

De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de dous días desde a finalización do prazo para presentación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Vistas as alegacións presentadas, por Resolución de Alcaldía procederase á aprobación definitiva da lista de admitidos e excluídos, que, igualmente será obxecto de publicación na sede electrónica deste Concello (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>). Nesta mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberá realizarse o exercicio de selección.

SÉTIMA. TRIBUNAL CALIFICADOR

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

— Presidente/a: empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, aseguralo cumprimento

das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

— Secretario/a: o da Corporación ou empregado/a público/a en que delegue.

— Vogais (3): tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidenta/o e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

PROCEDIMENTO DE SELECCION: CONCURSO-OPOSICIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non suporá máis dun cuarenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo. A fin de asegurar a debida idoneidade dos/as aspirantes, estes deberán superar na fase de oposición a puntuación mínima establecida para as respectivas probas selectivas.

FASE DE OPOSICIÓN (60 PUNTOS):

A fase de oposición consistirá na realización de unha proba de aptitude eliminatoria e obrigatoria para os aspirantes, debendo estar o seu contido incluído no temario establecido no Anexo II das presentes bases e un suposto práctico, cuxo contido se describe a seguir. A puntuación da fase de oposición será de 60 puntos, dos que 40 puntos corresponden a proba tipo test e os 20 puntos ao suposto práctico.

Así mesmo, realizarase un exercicio adicional para aspirantes que non acredite estar en posesión do título do Celga 4 ou equivalente.

Os/as aspirantes teñen dereito a elixir libremente a lingua oficial da Comunidade Autónoma na que os desexan realizar, o que leva á súa vez o dereito a recibir na mesma lingua os enunciados dos exercicios, excepto no caso das probas que teñan que realizarse en galego para aqueles postos que requiran un especial coñecemento desa lingua, todo iso, de conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal. A non comparecencia a calquera dos exercicios no momento de ser chamados, comportará que decaen automaticamente no seu dereito a participar no exercicio de que se trate e nos sucesivos, e en consecuencia, quedarán excluídos do proceso selectivo.

En calquera momento o tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Finalizada a fase de oposición, o tribunal procederá a publicar a puntuación dos aspirantes no taboleiro de anuncios para xeral coñecemento, con indicación da puntuación acadada por cada un deles.

A continuación o Tribunal procederá ao inicio da Fase de Concurso na que valorará os méritos e servizos dos aspirantes que acadaran 30 puntos na fase de Oposición.

A orde de actuación dos aspirantes será o seguinte, de conformidade co disposto na Resolución do 29 de xuño de 2026, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado:

“Según el resultado de dicho sorteo, el orden de actuación de los aspirantes en todas las pruebas selectivas en la Administración General del Estado que se convoquen desde el día siguiente a la publicación de esta Resolución, hasta la publicación del resultado del sorteo correspondiente al año 2026, se iniciará por aquellos cuyo primer apellido comience por la letra «B», atendiendo, a estos efectos, a la ordenación alfabética resultante del listado de aspirantes admitidos.

En el supuesto de que no exista ningún aspirante cuyo primer apellido comience por la letra «C» y así sucesivamente”.

FASE DE OPOSICIÓN (60 puntos)

PROBA TIPO TEST: Exercicio obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun cuestionario tipo test de 40 preguntas, máis 5 preguntas de reserva, con tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas a correcta, de forma que:

Criterios de corrección:

- Cada pregunta acertada equivale a 1 punto.
- Cada pregunta fallada descontará 0,5 puntos.
- Cada pregunta non contestada equivale a 0 puntos.

As mencionadas preguntas serán propostas polo Tribunal de entre o temario de materias comúns e específicas, o cal se establece no Anexo II destas bases.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora.

O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para supéralo.

SUPOSTO PRÁCTICO: Carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na realización dun suposto práctico a desenvolver por escrito, relacionado coas funcións propias do posto de bibliotecario/a e tendo en conta o temario descrito no ANEXO II, coa finalidade de valorar a adecuación ao posto convocado.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de dúas horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para supéralo.

Cualificación final da fase de oposición: A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos exercicios puntuables da fase de oposición (proba tipo test e proba oral). Debendo acadarse unha puntuación mínima de 30 puntos nesta fase para considerala superada.

2.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente.

Así, como xa se refiriu, dita proba é obrigatoria para aqueles candidatos/as que non teñan acreditado, no prazo de presentación de instancias, estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, e cualificarase con **apto ou non apto**, realizándose a continuación da proba práctica.

Consistirá en realizar por escrito, sen dicionario, unha tradución de castelán a galego dun texto seleccionado previamente polo Tribunal, a realizar nun tempo máximo de 10 minutos. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto.

O aspirante que non supere esta proba de galego quedará eliminado do proceso de selección.

Publicación da relación de aspirantes aprobados: Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará na sede electrónica do Concello, a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida nesta fase do proceso selectivo.

FASE DE CONCURSO: 40 PUNTOS

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. Non terá carácter eliminatorio e a puntuación máxima total do concurso será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados, cos límites que se sinalan para cada un deles, e que serán:

Méritos computables:**1) Formación: até un máximo de 10 puntos.**

Por cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administración públicas ou homologados por estas.

- a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos.
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos.
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos.
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos.

Os ditos cursos deberán ter sido organizados por calquera Organismo Público Oficial : Universidades, Colexos Profesionais, Ministerio, etc.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia auténtica do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

Non se valorarán cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

2) Experiencia: até un máximo de 30 puntos.

2.1) Polos servizos efectivos prestados en Administración Pública realizando funcións/tarefas relacionadas coa praza que se convoca (bibliotecario/a) xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral, interino ou temporal: 0,2 puntos /mes completo de servizos.

Non se computarán os períodos de tempo inferiores a 1 mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días.

A estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables, dividirase entre trinta (30), e multiplicarase por 0,2 de xeito que únicamente se valorará a ratio enteira, despreciándose os decimais.

2.2) Por cada mes traballado en empresas privadas realizando funcións/tarefas relacionadas coa praza que se convoca (bibliotecario/a): 0,1 puntos por mes traballado.

Non se computarán os períodos de tempo inferiores a 1 mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días.

A estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables, dividirase entre trinta (30), e multiplicarase por 0,1 de xeito que unicamente se valorará a ratio enteira, despreciándose os decimais.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

Os servizos prestados noutras Administracións acreditaranse mediante certificado de secretaría da Corporación ou entidade, e os prestados no sector privado acreditaranse mediante o oportuno contrato de traballo e a vida laboral.

NOVENA. CUALIFICACIÓN

Aos aspirantes que superen a fase de oposición aplicaráselles a puntuación obtida na fase de concurso:

A puntuación final será a suma das puntuación obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

No caso de empate dirimirase da seguinte forma:

- Primeiro, por aquel aspirante que obtivera maior puntuación na fase de oposición.
- Segundo, por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no concurso de méritos.
- Terceiro, por aquel aspirante que acredite discapacidade mediante certificado oficial ocupará o primeiro lugar.

No caso de persistir o empate, farase sorteo público en presenza dos aspirantes.

DÉCIMA. RELACION DE PERSOAS APROBADAS, PRESENTACION DE DOCUMENTOS E FORMALIZACION DO CONTRATO

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta do/a candidato/a para a formalización do contrato, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas (1). Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O aspirante proposto acreditará ante o concello de Sober, dentro do prazo de 5 días naturais seguintes, contados desde a publicación da relación de aprobados na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do concello, que reúne as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, aportando a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.

Comprobada a documentación, o órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, conleva que non poderá ser contratado/a, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar á/ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica do contrato celebrado.

Téñase en conta que ata que se formalice o mesmo e se incorpore o candidato/a ao posto de traballo correspondente, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha.

DECIMO PRIMEIRA. CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABAJO

Constituirase unha bolsa de traballo coas persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade, etc. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida.

A **orde de chamamento** dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será por:

- Chamamento ao primeiro aspirante dispoñible da lista.

Terá preferencia o aspirante que figura en primeiro lugar da lista de orde da bolsa.

A renuncia inicial a unha oferta de traballo, ou a renuncia durante a vixencia do contrato, dará lugar á exclusión da Bolsa de Traballo.

Con todo, son causas que xustifican a renuncia a unha oferta de traballo e que implican o mantemento dentro da bolsa de traballo en situación de baixa temporal:

- Estar en situación de ocupado, prestando servizos no Concello como persoal contratado, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino ou en outra Administración Pública.
- Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

As persoas incluídas na bolsa de traballo terán que presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento.

Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, ou o correo electrónico con acuse de recepción, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudirase á persoa seguinte. Se se opta pola comunicación telefónica, realizaranse un mínimo de dous intentos de contacto entre as 08:00 e as 15:00 horas, cun intervalo de 30 minutos entre cada chamada.

Quedará anotación escrita do que se indica neste número no servizo correspondente, dándose traslado inmediato de informe escrito á Secretaría da Corporación para coñecemento e constancia.

A persoa integrante da bolsa de traballo que reciba proposta de oferta de traballo, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder á aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 24 horas, salvo circunstancias excepcionais ou de forza maior.

Esta bolsa de traballo terá unha vixencia máxima de 5 anos.

A bolsa de traballo debidamente actualizada atoparase publicada de forma permanente na sede electrónica municipal.

DÉCIMO SEGUNDA. INCIDENCIAS

A convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas ante a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgota a vía administrativa, poderá formalizar demanda, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Social de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, á que acompañará copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición ou resolución do recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo iso para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Acordo regulador do Persoal do Concello de Sober.

Sober, 26 de agosto de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

ANEXO I**INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICION PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE BIBLIOTECARIO/A NO CONCELLO DE SOBER****I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:****DENOMINACIÓN:** BIBLIOTECARIO/A DO CONCELLO DE SOBER.**RÉXIME XURÍDICO:** PERSOAL LABORAL POR SUSTITUCIÓN (PROCESO DE SELECCIÓN)**II.- DATOS PERSOAIS.**

NOME	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:
NACIONALIDADE:	DATA DE NACEMENTO:	
DNI:	TELÉFONO MÓBIL: Correo electrónico:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO que coñezo na súa integridade as Bases da convocatoria para cubrir a praza de bibliotecario/a convocada polo Concello de Sober, de persoal laboral de substitución.

IV.- DECLARO que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude, e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CCAA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

VI.- AUTORIZO ao Concello de Sober para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica ou en calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

VII.- COMPROMETOME a achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais previsto na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, que modifica a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección do Menor, e a Lei 45/2015, de Voluntariado, no caso de resultar seleccionado/a.

VIII.- SOLICITO ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo para o que presento e asino a presente solicitude.

En Sober, de de 2026.

Asdo.

DOCUMENTACIÓN que achega coa presente solicitude (enumerar):

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-
- 7.-
- 8.-
- 9.-
- 10.-

ANEXO II**TEMARIO****MATERIAS COMUNS:**

1. A Constitución Española do 1978. Estructura e contido esencial. A reforma constitucional.
2. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.
3. A Coroa. Atribucións según a Constitución.
4. Organización territorial do Estado.
5. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.
6. Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
7. A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.
8. O Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.
9. O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
10. A provincia. Organización Provincial. Deputacións.
11. A provincia. Competencias.
12. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases.
13. Requisitos: a motivación e forma.
14. A eficacia dos actos administrativos.
15. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación.
16. A executividade dos actos administrativos. A coacción administrativa directa. A vía de feito.
17. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposición pola propia Administración.
18. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revocación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
19. Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos.
20. As fases do procedemento administrativo.
21. Recursos administrativos: principios xerais. Clases de recursos.
22. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos.
23. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Sujeitos: a Administración e o Administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos do administrado.
24. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes.
25. Incompatibilidades do persoal ao servizo dos Entes locais.
26. O orzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.
27. Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Regulamento Europeo de Protección de Datos.
28. A atención ao público: acollida e información. A comunicación na Administración: concepto, importancia, elementos e tipos de comunicación
29. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: Título Preliminar e Título II Capítulos I y II.
30. O Concello de Sober: Estrutura política e administrativa. Dependencias e servizos do Concello de Sober. Parroquias e núcleos de poboación

MATERIAS ESPECÍFICAS:

1. Concepto de Biblioteca. Tipos de bibliotecas e a súa función. Perspectivas de futuro.
2. As bibliotecas públicas. Conceptos, funcións e servizos.
3. As bibliotecas públicas como institucións de memoria. Xestión e difusión da colección local. A hemeroteca. Características, función e tratamento das publicacións periódicas.
4. Servizo de préstamo: préstamo individual, colectivo e interbibliotecario. O préstamo de contidos dixitais. A plataforma de préstamo de obras en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas.

5. Organización bibliotecaria galega. Normativa galega sobre o libro, a lectura e as bibliotecas.
6. Normativa sobre depósito legal en Galicia
7. Mapa de bibliotecas públicas de Galicia.
8. As bibliotecas dixitais. Proxectos locais, nacionais e internacionais. Galiciana, biblioteca dixital de Galicia.
9. Xestión da colección: selección e adquisición de fondos. Criterios para a constitución e mantemento da colección. Almacenamento e organización das coleccións. Recontos. Expurgo. Conservación preventiva dos fondos.
10. Xestión da colección dixital: plataformas, selección, adquisición e dispositivos de lectura. Modelos de comercialización, licenzas de uso.
11. Os sistemas integrados de xestión de bibliotecas. O Sistema da Comunidade autónoma de Galicia.
12. O proceso técnico e a súa normalización. Tendencias actuais na catalogación: normas descritivas (ISBD, Regras de Catalogación Españolas, RDA)
13. A codificación: o formato MARC21 de rexistros bibliográficos, de autoridades e de fondos.
14. A normalización da identificación bibliográfica. ISBN, ISSN e outros números internacionais. Indicadores permanentes en Internet. Depósito legal.
15. Principais tipos de clasificación bibliográfica. A clasificación decimal universal.
16. Sistemas integrados de xestión bibliotecaria e as novas plataformas de servizos bibliotecarios. Novos modelos e tendencias.
17. Historia do libro e das bibliotecas desde a invención da imprenta ata a actualidade.
18. Bibliotecas accesibles. A lectura fácil nas bibliotecas públicas. Lectura e hábitos culturais en España no século XXI.
19. A biblioteca infantil e xuvenil. Recursos, actividades e marketing.
20. As novas tecnoloxías aplicadas aos servizos bibliotecarios.
21. Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. O patrimonio bibliográfico. Normativa legal.
22. A Lei de Propiedade Intelectual e a súa incidencia na xestión de bibliotecas.
23. Atención aos usuarios nunha biblioteca pública: pautas y métodos.
24. Dereitos e obrigacións dos usuarios da biblioteca
25. As redes sociais como ferramenta de difusión e aproveitamento das actividades bibliotecarias
26. Dinamización das bibliotecas. Actividades culturais e de fomento e promoción da lectura.
27. A Biblioteca Pública Municipal de Sober. Historia.
28. Patrimonio local, memoria oral e fondo bibliográfico sobre o Concello de Sober.
29. A biblioteca municipal de Sober como recurso cultural e comunitario. Programación cultural dende a biblioteca municipal.
30. Novas formas de participación e cooperación dos cidadáns. A biblioteca aberta. Novas tendencias e hábitos culturais. A sociedade da información.

R. 2370

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. - DIRECCIÓN TÉCNICA

Anuncio

**PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE SENDERO FLUVIAL EN LA PLAYA DA COVA. T.M. DE O SAVIÑO (LUGO).
PDM MIÑO-SIL ES010_3_CHCH0XCET29WP2537**

CLAVE: M1.444-322/2111

INFORMACIÓN PÚBLICA

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 27 de agosto de 2026, se ha acordado someter a información pública los documentos relativos a las obras del asunto, que a continuación se relacionan y a los efectos que igualmente se expresan:

- Proyecto de construcción de sendero fluvial en la playa da Cova. T.M. de O Saviñao (Lugo). PdM Miño-Sil ES010_3_CHCH0XCET29WP2537, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Relación de bienes y derechos afectados, a los efectos previstos en el art. 18 de la Ley de 16 de diciembre de 1954 sobre expropiación forzosa y de los artículos 17 y 18 del Decreto de 26 de abril de 1957 por el que se aprueba el Reglamento de la Ley de Expropiación Forzosa.

Los referidos documentos estarán publicados en la web oficial de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., para que puedan ser examinados por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido de los mismos, durante el plazo de veinte días hábiles, contados a partir del día siguiente de la publicación del presente anuncio en el último de los Boletines Oficiales en que se ha de publicar, Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Lugo. Además, quienes lo deseen podrán consultarlo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., pudiendo solicitar cita previa en el número de teléfono 988 399 422.

Además de lo anterior la relación de bienes y derechos afectados estará expuesta en el Ayuntamiento de O Saviñao (Lugo).

Ourense, 31 de agosto de 2026.- El presidente de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., Jose Antonio Quiroga Díaz.

ANEXO

RELACIÓN DE BIENES Y DERECHOS AFECTADOS

Nº ORDEN	REF. CATASTRAL	Titular (DNI o nombre y apellidos)	CLASE DE SUELO	SUPERFICIE TOTAL (m²)	EXPROP. PLENO DOMINIO (m²)
1	27058A155004680000UI	FUENTES QUIROGA MANUEL [HEREDEROS DE]	RÚSTICO	163,00	92,77
2	27058A155004670000UX	EXPÓSITO RODRÍGUEZ JOSEFA	RÚSTICO	278,00	99,58
3	27058A155004660000UD	EXPÓSITO RODRÍGUEZ RAMÓN (HEREDEROS DE)	RÚSTICO	385,00	74,63
4	27058A155004630000UO	34265465L	RÚSTICO	477,00	79,19
5	27058A155004620000UM	34249828E	RÚSTICO	369,00	77,01
6	27058A155004600000UT	34220657S	RÚSTICO	1.656,00	232,76
7	27058A155004590000UM	34265752F	RÚSTICO	1.313,00	203,19
8	27058A155004580000UF	34269119Q 34269720L	RÚSTICO	1.420,00	103,41
9	27058A155004560000UL	34269119Q 34269720L	RÚSTICO	2.374,00	952,63
10	27058A155004550000UP	ÁLVAREZ RODRÍGUEZ CELSA (HEREDEROS DE)	RÚSTICO	1.653,00	671,88
11	27058A155004490000UY	34265465L	RÚSTICO	757,00	750,38
12	27058A155004500000UA	34130779K	RÚSTICO	824,00	160,07
13	27058A155004460000UW	76618202G	RÚSTICO	1.844,00	658,84
14	27058A155009970000UQ	34252759D	RÚSTICO	226,00	214,76
15	27058A155004050000UJ	ÁLVAREZ GARCÍA CONCEPCIÓN	RÚSTICO	354,00	303,43
16	27058A155004030000UX	NATURGY ENERGY GROUP, S.A.	RÚSTICO	800,00	768,05
17	27058A155003990000UK	34265465L	RÚSTICO	5.707,00	346,08
18	27058A155002340000UT	AYUNTAMIENTO DE O SAVIÑAO	RÚSTICO	45.172,00	1.197,52

R. 2371